

Orde do 2 de xaneiro de 2009 pola que se convoca e regula, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de axudas destinadas a proxectos de mellora da xestión ambiental dos subprodutos das explotacións gandeiras, non porcinas, en Galicia para o ano 2009.

O sector gandeiro ven contribuíndo e foi o principal conservador do ambiente, pero este, igual ca no resto da nosa contorna económica, evolucionou cara a modelos intensivos nos sistemas de produción, permitindo mellorar dun modo substancial o rendemento das explotacións.

O cambio dos sistemas produtivos, a mecanización dos labores no campo e a automatización do manexo das explotacións permitiu mellorar a calidade do traballo e facelo máis atractivo.

Estas melloras nas explotacións e nos sistemas de cría dos animais, propiciou a participación de novos elementos xerando unha serie de subprodutos que pola súa vez modificaron as pautas de traballo e deseño das propias explotacións, así como a valorización e reemprego na propia explotación. Orixinariamente as explotacións agrogandeiras consumían e valorizaban a totalidade dos subprodutos que xeraban, e ata eran deficitarias necesitando achegas externas, sen que tivesen un efecto ambientalmente negativo.

O esterco e os xurros son, entre outros, subprodutos que poden alcanzar unha considerable incidencia ambiental e social se non son xestionados adecuadamente.

Estes subprodutos resultantes da actividade gandeira, xestionados cunha infraestrutura inadecuada e deficiente poden representar un perigo potencial para a contaminación do chan, as augas superficiais e profundas, así como a xeración de incomodidades e unha problemática social cada vez máis profunda e ampla debido aos problemas vinculados á emisión de gases á atmosfera, a contaminación das augas e o exceso de minerais nos terreos agrarios.

O desenvolvemento de políticas ambientais e o impulso de prácticas agrarias compatibles coa contorna natural, son o reflexo dunha preocupación social crecente pola conservación e sustentabilidade do ambiente.

O apoio para determinados proxectos de mellora, que vaian máis aló do mero cumprimento da normativa da xestión ambiental dos subprodutos orixinados nas explotacións gandeiras e, en especial a xestión dos xurros, desde a produción, tratamento, almacenamento e a súa valorización na fase produtiva agraria supón un complemento doutros instrumentos implantados na fase produtiva. Así, o impulso de distintas actividades, orientadas á xestión, tratamento, almacenamento e o seu emprego como fertilizantes ou ben que sexan aplicados mediante técnicas que favorezan a incorporación adecuada ao chan, contribuirá a alcanzar os obxectivos de redución de verteduras e de emisións e a mellorar a súa eficiencia ao seren valorizados como

fertilizantes, reducindo a súa incidencia na problemática social.

Dentro deste contexto, faise fundamental favorecer a adecuación e mellora ambiental dos sistemas de xestión do esterco e dos xurros que ofrezan solucións innovadoras para a súa adecuada xestión, tratamento e o seu aproveitamento nas propias explotacións gandeiras, facilitando a redución do consumo de auga e enerxético, o aseguramento da estanquidade das balsas, a instalación de sistemas de control piezométrico e de sistemas que permitan a valorización na actividade agraria, todo iso para contribuír a preservar e compatibilizar a actividade agraria, desenvolvida no medio rural, co ambiente.

As axudas recollidas nesta disposición axústanse ao previsto no eixe 2 do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013 aprobado pola Unión Europea e ao disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013 (2006/C 319/01), publicadas no «DOUE» C 319, do 27 de decembro de 2006, nas cales se establecen cantidades absolutas ou porcentaxes máximas permitidas de axuda nos diferentes conceptos subvencionables.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as competencias que me confire a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación de subvencións para adecuar, reformar, mellorar e promover o desenvolvemento de sistemas innovadores da xestión do esterco procedente das explotacións gandeiras, excepto da especie porcina, que sexan respectuosos e compatibles coa protección do medio ambiente e prevendo un enfoque integral de valorización dos subprodutos xerados mediante a aplicación e o desenvolvemento de melloras técnicas dispoñibles na súa xestión, que permitan previr a contaminación do chan, da auga e da atmosfera e que contribúan a reducir os consumos ineficientes de auga e enerxía.

Artigo 2º.-*Accións subvencionables.*

1. As accións subvencionables segundo o disposto nesta orde son:

a) A implantación de programas de valorización e xestión dos subprodutos e dos residuos nas explotacións

gandeiras que impliquen a protección do ambiente diminuíndo ou eliminando a afección ambiental, evitando filtracións e verteduras, tanto desde as fosas ou lugares de almacenamento dos subprodutos coma da contorna da propia corte, a redución no consumo de auga e do uso de enerxía, incrementar e mellorar a eficiencia no proceso da distribución e a incorporación ao chan valorizándoo como fertilizante e limitando o desprendemento de partículas de cheiro á atmosfera e que así contribúan á diminución do uso de fertilizantes minerais.

b) O desenvolvemento doutras alternativas innovadoras na xestión do esterco procedente de explotacións gandeiras, incluídos proxectos piloto ou proxectos de demostración de escala razoablemente reducida.

c) Compra, ou arrendamento con opción de compra, instalación e posta en funcionamento, da maquinaria e do equipamento necesario para a preservación e mellora da contorna natural na xestión de esterco das explotacións gandeiras.

d) Cobertura, peche perimetral e/ou illamento das fosas ou lugares de almacenamento do esterco e xurros para evitar a entrada de auga de choiva, filtracións e escorregadas, aseguramento da impermeabilización de soleiras e fosas de xurros para evitar que a aparición de fendas, roturas ou poros ocultos, poidan producir fugas con risco de contaminación do chan e acuíferos.

e) Sistemas de control mediante piezómetros que permitan comprobar a estanquidade das soleiras e/ou das fosas de almacenamento.

3. Non será subvencionable a desecación térmica de xurros, a dotación de infraestrutura e de maquinaria non ligada a un proxecto ambiental, a adaptación das explotacións gandeiras para o cumprimento da lexislación aplicable e vixente en materia de ambiente, sanidade ou o benestar dos animais.

4. As axudas concederanse a actividades realizadas con posterioridade á presentación da solicitude e poderán concederse a proxectos de execución plurianual, sempre que se cumpran co establecido no artigo 57 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 13 de xuño, xeral de subvencións.

5. Esta orde de subvencións acóllese ao Regulamento (CE) nº 1857/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 70/2001.

Artigo 3º.-*Definicións.*

1. Para os efectos desta orde serán de aplicación as definicións do artigo 2 do Regulamento (CE) nº 1857/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 70/2001.

2. Ademais, entenderase como:

a) Explotación gandeira: calquera instalación, construción ou, no caso de cría ao aire libre, calquera lugar en que se teñan, críen ou manexen animais directamente polo titular ou polos membros da unidade de produción. Para os efectos desta orde non se inclúen as explotacións porcinas.

b) Esterco: todo excremento ou ouriño dos animais domésticos, con ou sen cama, a auga de lavado e restos de pensos, en proceso de cambio biolóxico, que son valorizados directamente no marco da explotación agraria.

c) Xestión de esterco: a recollida, o tratamento previo, o almacenamento e, de ser o caso, o transporte e a valorización destes, incluída a vixilancia destas actividades.

d) Gandeiro/a: a persoa física titular dunha explotación agraria ou forestal, con actividade gandeira, que requira un volume de emprego de polo menos unha unidade de traballo anual e que obteña polo menos o 25 por cento da súa renda de actividades agrarias.

Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

Poderán acollerse ás axudas previstas nesta disposición os titulares de explotacións gandeiras, excepto as explotacións porcinas, que tendo a consideración de PEME, presenten un proxecto de mellora, reforma, reparación e/ou adecuación ambiental dos sistemas de xestión, almacenamento e distribución do esterco e os seus produtos obtidos e valorizados no marco da explotación.

Os proxectos deberán, coa maior eficiencia posible no balance enerxético, incorporar e integrar as mellores técnicas dispoñibles na produción, tratamento, almacenamento, distribución e aplicación do esterco ou dos produtos resultantes para minimizar os riscos de contaminación da atmosfera, o chan e as augas, tanto superficiais como profundas, diminuír (por sistemas máis eficientes ou mediante a reciclaxe) o consumo de auga e rebaixar o seu contido en substancias odoríferas.

Artigo 5º.-*Requisitos.*

1. Os solicitantes das axudas convocadas a través desta orde cumprirán os seguintes requisitos:

a) Ter o seu domicilio social ou a explotación gandeira na Comunidade Autónoma de Galicia, materializar o proxecto obxecto de solicitude no seu ámbito territorial e non estar inhabilitado para a obtención de subvencións públicas ou para contratar co Estado, coas comunidades autónomas e outros entes públicos.

b) Non ter a consideración de empresa en crise, de acordo coa definición e condicións establecidas nas directrices comunitarias sobre as axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02). Tampouco se concederán axudas ás empresas sometidas a un procedemento de quiebra, insolvencia ou concursal.

c) Estar ao día das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e non ter débedas contraídas coa Xunta de Galicia.

d) As explotacións solicitantes estarán inscritas, en estado de alta, no Rexistro de Explotacións Ganadeiras da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Cumprir os requisitos para a consideración de PEME conforme o Regulamento (CE) nº 70/2001, da Comisión, do 12 de xaneiro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións previstas nesta orde as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Os beneficiarios das axudas recollidas nesta orde, comprométese á estrita observación e aplicación da lexislación vixente en materia ambiental e en especial á seguinte:

a) Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

b) Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia e Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

c) Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación por nitratos procedentes de fontes agrarias.

4. Os beneficiarios das axudas recollidas nesta orde, comprométese a non vender, ceder nin doar o uso dos equipamentos subvencionados, antes de cinco anos ou de que remate o seu prazo de amortización, salvo que sexa autorizado, por causa técnica xustificada documentalmente, en concordancia co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6º.-*Contía das axudas.*

A contía das subvencións previstas nesta orde poderá alcanzar ata un máximo do 75 por cento do custo do proxecto (estudos de viabilidade, subministración e execución), cunha contía máxima que non poderá superar os 100.000 euros para cada unha das solicitudes aprobadas.

A subvención farase efectiva tras a execución e certificación de fin de obra do proxecto proposto.

Poderanse efectuar pagamentos parciais á conta se o beneficiario da axuda o indica na súa solicitude e xustifica un investimento parcial respecto da subvención concedida na forma e condicións previstas no punto 6º do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-*Gastos non subvencionables.*

Non se consideran subvencionables os seguintes conceptos:

1. Os impostos, permisos e licenzas inherentes ao proxecto de investimento.

2. Os gastos financeiros derivados do investimento.

3. Os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

Artigo 8º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

1. As solicitudes, segundo modelo normalizado que figura como anexo I desta orde, presentaranse preferentemente no Rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Santiago de Compostela, nos das respectivas delegacións provinciais, a través dalgunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e irán dirixidas ao conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. O modelo de solicitude e demais anexos desta orde están dispoñibles na páxina web desta consellería no seguinte enderezo: <http://medioambiente.xunta.es/formularios.jsp>.

4. O procedemento de concesión de subvención regulado nesta orde iníciase de oficio. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que sexa notificada ao interesado, este poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, segundo o artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Para os efectos do previsto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigacións tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, así queda liberado o solicitante de presentar as correspondentes certificacións.

Artigo 9º.-*Documentación que achegarán coas solicitudes.*

1. Coa solicitude achegarase a documentación do anexo I e que a seguir se relaciona:

a) Copia compulsada do CIF ou DNI do representante legal, de ser o caso.

b) Certificación bancaria orixinal do número de conta, segundo anexo IV.

c) Declaración responsable, segundo anexo II de ser PEME e do cumprimento dos requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como das obrigacións e compromisos que nela se establecen, ademais do cumprimento da normativa sectorial mínima correspondente en materia de ordenación, benestar, identificación, sanidade animal, ambiente e hixiene.

d) Declaración do beneficiario, segundo o anexo III sobre outras axudas concedidas e/ou solicitadas, para os mesmos investimentos, achegando, se é o caso, copia compulsada da resolución da súa concesión.

e) En caso de tratarse de axudas destinadas a proxectos piloto ou de demostración, enmarcados no punto 1.b) do artigo 2º, declaración do beneficiario en que se exprese claramente que coñece e acepta que os resultados do proxecto piloto ou de demostración poidan ser postos en coñecemento do público, por parte da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

f) Proxecto de mellora para a xestión de xurros e memoria en que se indicarán os beneficios ambientais esperados, co seguinte contido mínimo.

Proxecto de xestión de xurros:

1A) Documentación xeral.

Os solicitantes que opten ás axudas recollidas nesta orde deberán elaborar un proxecto de xestión, no cal se recollan polo menos os seguintes elementos:

1. Identificación.

a) Datos do titular da explotación: apelidos e nome ou razón social, se é o caso, código de identificación fiscal (CIF), enderezo, código postal, municipio, provincia e teléfono.

b) Localización e código de identificación da explotación, asignado pola autoridade competente, de acordo co establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

c) Descrición dos equipamentos dispoñibles e previstos para o almacenamento de esterco.

d) Producción anual de esterco.

2. Xustificación do proxecto.

3. Censo gandeiro ou valor de capacidade produtiva, expresada en UGM (unidade gandeira maior).

4. Cantidade de esterco destinado aos distintos usos, incluíndo a descrición do sistema de xestión.

5. Explicación detallada do proxecto proposto, incluíndo calendario previsto de realización de actividades.

6. Orzamento detallado do proxecto.

2A) Documentación específica.

1. Cando os proxectos estean incluídos nos apartados i, ii, vi, viii e x do artigo 12º, ademais dos ele-

mentos sinalados no punto 1A) desta epígrafe, o proxecto deberá incluír:

a) Localización das parcelas, indicando área de protección ou interese ambiental, municipio, zona, polígono e parcela coa superficie total de cada unha delas.

b) Dimensión da superficie que se vai utilizar (hectáreas) e cultivos correspondentes.

c) Características do terreo de cada parcela.

d) Necesidades dos cultivos e época de aplicación.

e) Memoria pormenorizada en que se indiquen os sistemas que se pretenden introducir para conseguir a redución e/ou reutilización do consumo de auga.

f) Memoria pormenorizada en que se indiquen os sistemas que se pretenden introducir para reducir o consumo de combustible no transporte de esterco ou os sistemas de condución e/ou distribución, para a súa valorización, na explotación agrícola.

g) Un plan de valorización agrícola baseado nos códigos de boas prácticas agrarias e demais normativa de aplicación, que estea adaptado ás características particulares do tipo de esterco producido, ás necesidades dos cultivos e, de ser o caso, á zona de protección ou interese ambiental.

II. Descrición do método de aplicación dos estercos e o seu efecto na redución de contaminación.

2. Cando os proxectos inclúan outras alternativas para a valorización ou que sexan innovadores na xestión de esterco, neste caso, ademais dos elementos sinalados na epígrafe 1A) e, se for o caso, na epígrafe 2A) deste artigo, os proxectos de xestión deberán recoller:

a) A explicación do carácter do proxecto e do seu interese público.

b) No caso de tratarse dun proxecto piloto, sinalar a súa duración, debidamente xustificada.

c) No caso de tratarse dun proxecto piloto presentárase un estudo de viabilidade técnico-económico, elaborado por técnico competente na materia obxecto do proxecto presentado, que constará dunha análise técnica sobre os obxectivos que se pretenden alcanzar e os investimentos e outra análise económica que analice a viabilidade do proxecto.

d) Orzamento ou facturas pro forma dos investimentos, actividades e gastos que se van realizar.

2. Cando o importe do investimento subvencionable supere a contía de 30.000 euros no caso de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o solicitante deberá presentar coa solicitude, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, agás nos casos en que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou o presten.

A elección destas ofertas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. No entanto, para os efectos da valoración económica da subvención, terase en conta o orzamento máis económico dos tres presentados.

CAPÍTULO II

TRAMITACIÓN, COMISIÓN DE VALORACIÓN E RESOLUCIÓN.

Artigo 10º.-*Tramitación.*

1. As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes de axuda recibidas á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, para que se comprobe que a solicitude e a documentación presentada reúnen os requisitos exixidos nesta orde.

2. A unidade administrativa encargada de levar a cabo a tramitación desta axuda é o Servizo de Xestión e Intervención Ambiental da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

3. Se os impresos de solicitude non están debidamente cubertos, non se achega a documentación establecida ou se o expediente presenta defectos corrixibles, requirirase o interesado para que nun prazo máximo de dez días emende os erros ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non facelo, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Se na consulta que realice esta Administración para comprobar a ausencia de débedas tributarias, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia, se obtívase informe negativo por constar débedas pendentes do solicitante con algún dos citados organismos, comunicáraselle ao solicitante, concedéndolle un prazo de quince días para a emenda do defecto; procederase ao arquivo da solicitude se transcorrido o devandito prazo non consta por medio do correspondente certificado positivo que o defecto detectado foi emendado.

Artigo 11º.-*Comisión de valoración.*

1. Revisada a solicitude e comprobado que é correcta e está acompañada con toda a documentación correspondente, será valorada por unha comisión de avaliación, formada por catro funcionarios, designados para o efecto polo director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental; un deles fará, ademais, de secretario desta.

Esta comisión poderá solicitar o asesoramento necesario que permita unha plena valoración dos proxectos presentados.

2. Revisados e aplicados os criterios de adxudicación previstos no artigo seguinte, esta Comisión de Avaliación formulará o correspondente informe-proposta de concesión ou denegación das subvencións,

propostas que se axustarán ao disposto no artigo 9.5º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e que será elevado ao director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para resolver.

Artigo 12º.-*Criterios de valoración das solicitudes.*

1. Na concesión das subvencións previstas nesta orde ordenaranse as solicitudes en función da súa puntuación, de acordo cos seguintes criterios obxectivos:

i. Proxectos de explotacións gandeiras situadas en zonas de protección e/ou que teñan algún tipo de interese ambiental (6 puntos).

ii. Proxectos que permitan reducir o consumo de auga, de pozo, manancial ou traída (6 puntos cando se reduza no 75% ou máis, 4 puntos cando a redución sexa maior do 50% e 2 puntos cando se reduza o consumo en máis dun 25%).

iii. Proxectos que permitan asegurar a impermeabilización de fosas de xurros (5 puntos).

iv. Proxectos que presenten alternativas ambientais enerxeticamente equilibradas e máis innovadoras e eficaces (6 puntos).

v. Número total de animais, expresados en UGM (unidade gandeira maior) (1 punto por cada 10 UGM hasta un máximo de 3 puntos).

vi. Proxectos orientados á utilización directa dos xurros ou esterco como fertilizantes (5 puntos cando haxa separación de fase líquida e sólida, a este punto engadiráselle 2 puntos máis se a fase líquida é reutilizada nas fases de limpeza e/ou rega, 3 puntos cando na valorización se produza unha redución de cheiros mediante aplicación directa ao chan).

vii. Proxectos que, mediante cobertura ou peche perimetral, sen incremento de volume, eviten a incorporación directa de auga de choiva ou de calquera outra orixe ás balsas ou fosas de almacenamento (5 puntos cando a estrutura sexa fixa; 3 puntos cando a estrutura sexa removible). Non serán valorados os proxectos de cobertura que non garantan unha adecuada e suficiente ventilación ou que esta teña que ser forzada.

viii. Proxectos que xustifiquen a utilización do estercos ou xurro na posta en cultivo de terreos abandonados (1 punto ata unha hectárea, 2 puntos en máis dunha hectárea).

ix. Proxectos que permitan comprobar mediante piezómetros a estanquidade das soleiras e das balsas ou fosas de almacenamento (3 puntos).

x. Proxectos que optimicen o transporte do estercos e/ou dos subprodutos da súa xestión e eliminen ou reduzan os consumos en combustibles para a súa aplicación directa sobre o terreo (2 puntos).

2. No proceso de valoración, as solicitudes, terán que alcanzar, polo menos, a puntuación mínima de 4

puntos. No caso de non alcanzaren esta puntuación mínima, non serán tidas en conta para subvención.

3. No caso de que máis dunha solicitude obtivese a mesma puntuación, aplicarase como orde de prioridade a obtención de puntuación, segundo a orde establecida no número 1.

4. No caso de que algún dos beneficiarios renunciasse á subvención, o órgano que a concede acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da axuda ao solicitante ou solicitantes seguintes a aquel en puntuación, a condición de que coa renuncia se liberase crédito suficiente para atender, polo menos, a unha das solicitudes non estimadas por insuficiencia de crédito.

Artigo 13º.-*Resolución de concesión.*

1. As solicitudes de subvención serán resoltas polo director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, por delegación do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, nos termos previstos no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo máximo de seis meses, computado desde a publicación desta convocatoria.

Transcorrido o prazo máximo para resolver e notificar, sen que o interesado recibise comunicación expresa da resolución, entenderase desestimada a súa pretensión por silencio administrativo, de conformidade co disposto no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da obriga de resolver expresamente as devanditas solicitudes, de conformidade co previsto no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Ao abeiro do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por resolución do director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental publicaranse no DOG as subvencións concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario ao cal se lle imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Farase igualmente na páxina web oficial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, segundo o artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Non será necesaria a publicación nos supostos previstos no artigo 15.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos no suposto previsto na letra d) do parágrafo 2 do devandito artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O beneficiario estará obrigado a dar publicidade da subvención concedida en toda actividade relacionada co obxecto da subvención.

3. O outorgamento da subvención debe ser aceptado polo beneficiario no prazo máximo de 15 días, desde a súa notificación coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que o órgano xestor non reciba a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

4. As resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro Público de Subvencións dependente da Consellería de Economía e Facenda, co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencionadora en Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos incorporados a este poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado.

No caso de que a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas segundo a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, este poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos.

5. A resolución ditada polo director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, por delegación do titular da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo; ou ben poderá ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses se a resolución fose expresa ou seis meses dende que se entenda desestimada por silencio administrativo.

CAPÍTULO III

SEGUIMIENTO, ORZAMENTO, XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO, INCUMPRIMENTOS E INFRACCIÓNS

Artigo 14º.-*Seguimento e control.*

a) Os beneficiarios están obrigados a lle comunicar á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente o destino ou a correcta aplicación da subvención concedida.

b) Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención, incluída a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

c) Poderá acordarse a modificación da resolución de concesión por instancia da persoa beneficiaria cando sexa admitida unha modificación do proxecto presentado, segundo o disposto no Real decreto 887/2006,

do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 13 de xuño, xeral de subvencións.

d) Así mesmo, quedan obrigadas a permitir e facilitar que esta dirección xeral realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas. Tamén facilitarán toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

e) Xunto coa solicitude inicial, os petitionarios das axudas presentarán unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións ou entes públicos, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, segundo o modelo do anexo III desta orde.

f) No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o beneficiario presentará unha nova declaración (anexo III) complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes o sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Artigo 15º.-Orzamento.

As axudas concedidas financiaranse con cargo á seguinte aplicación 15.03.541D.770.0, subvencións en materia de ambiente industrial por un importe de 980.000 € para a anualidade 2009, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

2. As empresas que reciban axudas concedidas, ao abeiro desta orde e con cargo ao concepto orzamentario 15.03.541D.770.0, cofinanciado por fondos Feder, someteranse ao cumprimento das obrigas relacionadas coas medidas de publicidade impostas polo Regulamento da Comisión (CE) número 1828/2006, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e ao Regulamento (CE) nº 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Esta contía poderá incrementarse despois, se é o caso, de tramitar o oportuno expediente orzamentario de xeración, ampliación ou incorporación de crédito, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-Xustificación e pagamento das axudas.

1. Antes de finalizado o prazo de presentación da xustificación do gasto presentárase, preferentemente no Rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento

to Sostible e dirixida ao director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, a documentación que se indica:

a) Facturas orixinais ou as súas copias compulsadas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil con eficacia administrativa que xustifiquen os gastos e investimentos realizados. Tamén se achegará transferencia bancaria, certificación ou calquera outro documento orixinal ou compulsado que acredite manifestamente o seu pagamento efectivo. No caso de facturas acreditativas do investimento ou gasto realizados no marco dos proxectos aprobados, deberán estar emitidas a nome do solicitante. Non se admitirán procedementos de financiamento mediante *renting*.

b) Calquera outra documentación que se sinala expresamente na resolución de concesión da axuda.

2. A xustificación do gasto dos investimentos subvencionables e adxudicados realizarase ata o 15 de novembro do ano para o que se aprobou a finalización da execución da obra proposta. No caso de que este día fose inhábil, entenderase o día hábil inmediatamente anterior.

3. O importe final da axuda concedida calcularase en función das facturas e demais xustificantes e documentación que se presente, unha vez descontado o IVE e demais impostos que poidan soportar. Se os gastos totais xustificados son inferiores aos orzados e admitidos, practicarase a redución proporcional pertinente, sempre que se alcanzase o mesmo nivel no logro previsto na solicitude e se cumprisen os obxectivos previstos.

4. A consellería poderá comprobar, mediante visita *in situ*, que a xustificación da axuda cumpre os requisitos para aboar a subvención concedida.

5. As subvencións concedidas faranse efectivas mediante pagamentos nominativos a favor do beneficiario, unha vez que acrediten debidamente as actividades e gastos realizados, de acordo co que se especifica no texto desta orde e na pertinente resolución de concesión. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. O beneficiario xustificará o investimento conforme a anualidade establecida na resolución de concesión e solicitará os correspondentes pagamentos da axuda, que poderán ser pagamentos parciais ou pagamentos totais.

Os pagamentos anteriores ao pagamento final terán o carácter de pagamentos parciais. Cando se tramite un pagamento parcial, se o solicitante é beneficiario dunha axuda total superior a 30.050 euros, deberá presentar, con anterioridade ao pagamento da axuda, unha garantía constituída por seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá alcanzar, como mínimo, ata os dous meses seguintes á terminación do prazo de xustificación previsto na resolución de concesión.

A garantía deberá cubrir o importe dos pagamentos fraccionados xunto cos seus xuros, calculados o tipo de interese legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude de pagamento e, como mínimo, aquela en que se cumpran dous meses da terminación do prazo de xustificación previsto na resolución de concesión. As garantías serán liberadas unha vez comprobada a realización da actividade ou proxecto para o cal se concedeu a subvención.

7. Poderanse efectuar pagamentos parciais á conta se o beneficiario da axuda o solicita e xustifica un investimento parcial respecto da subvención concedida na forma e condicións previstas no número 6º do artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, segundo o artigo 31.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 17º.-*Acumulación e compatibilidade das axudas.*

1. As subvencións previstas nesta orde serán compatibles con calquera outra que, para a mesma finalidade e obxecto, puidesen establecer outras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo 19 do Regulamento (CE) nº 1857/2006, da Comisión, do 15 de decembro, o importe das subvencións reguladas nesta orde, en ningún caso, poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, destinadas ao mesmo fin, o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Artigo 18º.-*Incumprimento e reintegro.*

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora xerados desde o seu pagamento nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O incumprimento da lexislación básica en materia de ambiente, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir o beneficiario, dará lugar á perda do dereito á subvención concedida, coa obriga de reembolsar as cantidades, se for o caso, percibidas, incrementadas cos xuros de mora legais.

En caso de incumprimentos parciais relativos ás actividades subvencionables, procederase á redución proporcional das subvencións concedidas ou aboadas.

Artigo 19º.-*Infraccións e sancións.*

Sen prexuízo do establecido anteriormente e na normativa comunitaria aplicable, aos beneficiarios das axudas

reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña á citada Lei 9/2007.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible fará públicas, na súa páxina web oficial, as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web; tamén se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, se é o caso.

A pesar do anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a tres mil euros (3.000 €), non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Terceira.-De conformidade co artigo 6.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o pagamento das axudas reguladas nesta orde quedará condicionado á decisión positiva da Comisión Europea de acordo co establecido no artigo 88.3º do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para ditar as normas necesarias para o mellor cumprimento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2009.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente
e Desenvolvemento Sostible



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO I



UNIÓN EUROPEA

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA MELLORA DA XESTIÓN AMBIENTAL DOS SUBPRODUTOS DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA980A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

PERSONA FÍSICA OU XURÍDICA		CIF / NIF	
[]		[]	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
[]	[]	[]	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]
ENDEREZO ELECTRÓNICO			
[]			

OBXECTO DA SOLICITUDE

Solicita que lle sexa concedida a axuda establecida nesta orde para execución do proxecto presentado, polo importe de [] €

segundo o previsto no número 6º do artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, sexan tramitados pagamentos parciais

PRESENTOU ESTE PROXECTO A OUTRA CONVOCATORIA DE AXUDAS?

SÍ NON

ORGANISMO	PROGRAMA DE	SITUACIÓN S.P.D.: Solicitada e pendente de decisión S.C. Solicitada concedida	CONTÍA SOLICITADA OU CONCEDIDA
[]	[]	[]	[]

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/> PROXECTO MEMORIA	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS
<input type="checkbox"/> ORZAMENTO DE GASTOS	<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS
<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI OU CIF	<input type="checkbox"/> ANEXOS I, II, III e IV
<input type="checkbox"/> DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DO CAPÍTULO DENTRO DO QUE SE SOLICITA A AXUDA	

De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao amparo desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Autorízase a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a comprobar para as axudas, o cumprimento, polo solicitante, das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Facenda pública da Xunta de Galicia.
Se para a tramitación do procedemento derivado da presentación desta solicitude for necesario acreditar os datos de carácter persoal que figuran no documento nacional de identidade, preste consentimento expreso para a súa comprobación por medio de acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administracións Públicas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmolle que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o dexera pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 2 de xaneiro de 2009 pola que se convoca e regula, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de axudas destinadas a proxectos de mellora da xestión ambiental dos subprodutos das explotacións gandeiras, non porcínas, en Galicia para o ano 2009.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [] REVISADO E CONFORME []	NÚMERO DE EXPEDIENTE [] DATA DE ENTRADA ___/___/___ DATA DE EFECTOS ___/___/___ DATA DE SAÍDA ___/___/___
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA [] de [] de []		



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E
 DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SUBVENCIÓNS PARA MELLORA DA XESTIÓN AMBIENTAL DOS SUBPRODUTOS DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS	MA980A	DECLARACIÓN

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Don / Dona con DNI

solicitante dunha subvención en representación de

para a mellora da xestión ambiental dos subprodutos das explotacións gandeiras, non porcinas, ao abeiro da Orde do _____

_____ pola que se establecen as bases reguladoras e condicións do réxime de concesión de axudas

destinadas a proxectos de mellora da xestión ambiental nas explotacións gandeiras, non porcinas, en Galicia. DECLARA:

- Que cumpre os requisitos establecidos na normativa en vigor para obter a condición de beneficiario e non concorre en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño).

- Que na miña explotación se cumpre coa normativa sectorial mínima en materia de ordenación, benestar, identificación, sanidade animal, ambiental e hixiene pecuaria.

- Que se compromete a non vender, ceder nin doar o uso dos equipamentos subvencionados, antes de cinco anos ou de que finalice o seu prazo de amortización, salvo por causa técnica xustificada documentalmente, en concordancia co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Que a explotación para a que solicita a axuda cumpre todos os requisitos para a consideración de PEME conforme o Regulamento (CE) 70/2001, da Comisión, do 12 de xaneiro, e non se atopa en crise nin está sometida a un proceso de quebra, insolvencia ou concursal.

_____, de _____ de _____

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

Asdo.:



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SUBVENCIÓNS PARA MELLORA DA XESTIÓN AMBIENTAL DOS SUBPRODUTOS DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS	MA980A	DECLARACIÓN

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Don / Dona con DNI

solicitante dunha subvención en representación de

para a mellora da xestión ambiental dos subprodutos das explotacións gandeiras, non porcinas, ao abeiro da Orde do _____

_____ pola que se establecen as bases reguladoras e condicións de axudas destinadas a proxectos de mellora da xestión ambiental dos subprodutos das explotacións gandeiras, non porcinas, DECLARA:

(táchense as opcións que non proceden)

- Que non solicitou, nin obtivo ningunha outra subvención para este proxecto nos tres últimos anos.

- Que, nos tres últimos anos, solicitou ante

(organismo ante o que se solicitou)

unha subvención ao abeiro da ,

(citar a súa norma reguladora)

e está pendente de resolución.

- Que, nos tres últimos anos, solicitou e obtivo a/as subvención/s que a seguir se indican para o mesmo proxecto:

(indicar Administración ou órgano administrativo concedente, norma reguladora da subvención de que se trate, importe concedido e data da resolución de concesión)

_____, de _____ de _____

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E
 DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO IV

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA MELLORA DA XESTIÓN AMBIENTAL DOS SUBPRODUTOS DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA980A	DOCUMENTO SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA
--	---	--

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DN/NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENTIDADE FINANCEIRA		ENDEREZO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura e selo da entidade financeira